

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UN	<i>Expediente</i> CON/68/2018	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:26

Número 18 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente de subministración de equipos novos para respiración autónoma, máscaras faciais respiratorias, cascos de protección individual e outros equipos e materiais complementarios de intervención para o servizo de extinción de incendios e salvamento; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

*Destinatario*

15078DCMG1310UN



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 17 de abril de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 18 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS NOVOS PARA RESPIRACIÓN AUTÓNOMA, MÁSCARAS FACIAIS RESPIRATORIAS, CASCOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E OUTROS EQUIPOS E MATERIAIS COMPLEMENTARIOS DE INTERVENCIÓN PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO; GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática, de data 11 de abril de 2019. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 2019/218 de data 15.4.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Xan Duro Fernández**, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e informática, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

1. Con data 16 de novembro de 2018, o xefe de bombeiros emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UN	<i>Expediente</i> CON/68/2018	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:26

idoneidade da contratación da subministración de equipos novos para respiración autónoma, máscaras faciais respiratorias, cascos de protección individual e outros equipos e materiais complementarios de intervención para o servizo de extinción de incendios e salvamento.

2. Con data 20 de novembro seguinte, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda e administración resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, xa o día 11 de abril de 2019, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Subministración de**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UN	<i>Expediente</i> CON/68/2018	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:26

equipos novos para respiración autónoma, máscaras faciais respiratorias, cascos de protección individual e outros equipos e materiais complementarios de intervención para o servizo de extinción de incendios e salvamento, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 112.092,71 euros IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 23.539,46 euros.

O antedito gasto satisfarase con cargo a aplicación orzamentaria 060 13600 62300."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o expediente denominado Subministración de equipos novos para respiración autónoma, máscaras faciais respiratorias, cascos de protección individual e outros equipos e materiais complementarios de intervención para o servizo de extinción de incendios e salvamento, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 112.092,71, euros IVE aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 23.539,46 euros.

O antedito gasto satisfarase con cargo a aplicación orzamentaria 060 13600 62300

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

